

LINGUA GALEGA E LITERATURA 3º ESO: SÍNTESE DE ESTÁNDARES, PORCENTAXES E ACLARACIÓNS

<p>ESTÁNDARES BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL, ESCOITAR E FALAR</p>	<p>Escoita, comprende, interpreta, recolle e organiza ideas en resumos, esquemas..., sintetiza e aplica normas que rexen a cortesía. Produce textos adecuados ao contexto (incluídas as intervencións espontáneas), cingúese ao tema, avalía erros... Segue instrucións</p>	<p>10%</p>	<p>Indicador de logro: observación de intervencións persoais espontáneas e planificadas. (avalíase a partir da observación e intervencións dos traballos de Lingua e Sociedade) Indicador de logro: preguntas a partir de vídeos 1º trimestre: Plurilingüismo e contacto linguas Cantigas en xeral e cantigas de amor 2º trimestre: Cantigas burlas, Santa María e Prosa 3º trimestre: Rosalía, Curros, Pondal</p>
<p>ESTÁNDARES BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA, LER E ESCRIBIR</p>	<p>Le, comprende, interpreta, recolle e organiza. Distingue temas, subtemas, estrutura, interpreta e analiza o contido (intención, personaxes, sentimentos, reaccións, espazos, tempo...) Produce textos correctos e adecuados de distinto tipo. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe. Segue instrucións Aplica normas de ortografía.</p>	<p>10%</p>	<p>Indicador de logro: proba e/ou traballo a partir de lectura de libro (con exposición de estándares e/ou rúbrica)</p>
<p>ESTÁNDARES BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA</p>	<p>Coñece e aplica regras que rexen aspectos de morfoloxía, verbos, pronome, tipos de palabras, deícticos, tipos de oracións (interrogativas, asertivas...), compoñentes das palabras..., vocabulario amplo, ... Recoñece erros/Recoñece e evita prexuízos Aplica normas de ortografía</p>	<p>30%</p>	<p>Indicador de logro: proba escrita. Especificar estándares da proba. Unha ou dúas probas por trimestre.</p>
<p>ESTÁNDARES BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE</p>	<p>Coñece a diversidade lingüística, características lingüísticas, o contexto histórico, cultural e lingüístico do galego e compoñentes (lusofonía, romanización, Idade Media, Séculos Escuros, Século XIX ...), etc. Comprende e analiza a situación sociolingüística de Galiza actual de doutras épocas. Coñece a lexislación relativa e rexeita prexuízos. Analiza a propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír á normalización da lingua galega. Coñece variantes diatópicas e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque. Identificas e coñece interferencias lingüísticas. Aplica normas de ortografía</p>	<p>20%</p>	<p>Indicador de logro: proba escrita 10% (pode ser nas probas) Identificar estándares da proba Indicador de logro: traballo con rúbrica (presentación de diapositivas): 10% (sumarase o 5% de intervencións). 1º trimestre: A Idade Media 2º trimestre: Os Séculos Escuros 3º trimestre: O século XIX</p>
<p>ESTÁNDARES BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</p>	<p>Le, comprende e comenta textos de diferentes etapas histórico-literarias e distingue os trazos característicos. Identifica os trazos característicos de textos literarios das etapas estudadas neste curso. Comenta textos literarios de distintas épocas axustados ao nivel de 3º ESO. Produce textos con intención literaria Aplica normas de ortografía</p>	<p>30%</p>	<p>Indicador de logro: proba escrita: 20% (pode ser nas probas) Identificar estándares da proba Indicador de logro: traballo con rúbrica de creación literaria: 10% 2º trimestre: Creación de cantiga de amigo 3º trimestre: Creación cantiga de amor</p>

- * A porcentaxe aplicada aos estándares pode variar en función das circunstancias pero procurarase que oscile entre o que se indica.
- * Pode presentárselle ao alumnado algunha actividade adicional para mellorar resultados. De facelo, serán informados das condicións, características e peso na nota de trimestre.
- * A corrección na produción de textos (orais e escritos), a comprensión, prexuízos lingüísticos... aínda que se avalían de forma específica nos bloques mencionados, serán avaliados de xeito continuo ao longo do curso.
- * Para motivar a mellora nas faltas de ortografía, poderanse establecer ao longo do curso mecanismos de mellora.
- * Tendo en conta a posible necesidade de aplicar medidas de atención á diversidade, en casos concretos, poderase variar esta previsión en función das circunstancias.

POR TRIMESTRE	<p>1 PUNTO: intervencións espontáneas e planificadas e cuestións sobre vídeos ou audicións</p> <p>1 PUNTO: comprensión, interpretación e produción a partir da lectura de libros</p> <p>1 PUNTO: traballos (presentación diapositivas) históricos, lingüísticos e literarios. Pódese incluír un 0.5% do apartado de intervencións orais se o traballo ten parte de exposición oral.</p> <p>(1 PUNTO: no 2º e 3º trimestre de traballo creativo de literatura)</p> <p>6 ou 7 PUNTOS: probas sobre a materia dada no trimestre (incluíndo preguntas sobre sociolingüística, funcionamento da lingua e literatura). Pode haber unha ou dúas probas en función das necesidades do alumnado.</p>
----------------------	--

LECTURAS: A profesora indicará o título, forma de avaliar ou indicador de logro e porcentaxe de puntuación no trimestre.

ORIENTACIÓN DE DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS POR TRIMESTRES:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<p>Acentuación</p> <p>O substantivo e o adxectivo</p> <p>Constituíntes da palabra e tipos</p> <p>O galego como lingua románica</p> <p>O galego na Idade Media</p> <p>Literatura medieval. Cantiga de amigo</p> <p>Plurilingüismo, bilingüismo, diglosia, normalización</p> <p>Comprensión e produción de textos</p>	<p>Acentuación</p> <p>Os determinantes.</p> <p>O pronome</p> <p>Cantiga de amor, burlas, Santa María e prosa medieval</p> <p>O galego medio e os Séculos Escuros</p> <p>As linguas na P. Ibérica</p> <p>Comprensión e produción de textos</p>	<p>Acentuación</p> <p>O verbo</p> <p>Os adverbios, preposicións e conxuncións</p> <p>Interferencias. As linguas e as variedades</p> <p>O galego no Século XIX</p> <p>A literatura no Século XIX</p> <p>Comprensión e produción de textos</p>

RECUPERACIÓNS:

Para a recuperación de avaliacións cunha cualificación de insuficiente ou inferior, **sempre que a actitude do alumno ou alumna sexa positiva**, establécese o seguinte:

En xeral e dado que a avaliación ten vocación de continua, non será necesario realizar recuperacións (en forma de probas escritas) fragmentando a materia. Aínda así, a aquel alumnado que teña unha actitude positiva durante o curso e que seguindo estes criterios xerais non consiga unha cualificación positiva, a criterio da profesora, poderá ofrecérselle a posibilidade de presentarse a probas de recuperación.

Considerarase actitude positiva sempre que , como mínimo,se cumpra o seguinte:

- Asistencia regular a clase
- Presentación de tarefas, traballos... no prazo establecido.
- Presentación ás probas de materia na data establecida.
- Cooperación nas tarefas en equipo.
- Demostración activa de interese en superar carencias e mellorar resultados.
- Actitude respectuosa cara ás instalacións, profesorado e alumnado.
- Ausencia de partes de amoestación por condutas contrarias á convivencia.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO:

Para a avaliación extraordinaria de setembro, ademais da proba obrigatoria, poderase contemplar a elaboración de actividades específicas de acordo coas necesidades do alumnado

Nota aclaratoria: Se un alumno ou alumna é sorprendido durante a realización dunha proba utilizando material impreso, audiovisual, informático etc., non autorizado, esta proba será cualificada con cero.

A Laracha, de setembro de 2....

Asdo:

PAI/NAI/TITOR-A LEGAL

ESTA INFORMACIÓN ASINADA DEBERÁ ESTAR NO CADERNO DO ALUMNO OU ALUMNA PARA A SÚA CONSULTA